


Código do documento	Código do expediente
UCP12I02PZ	UCP/2018/273
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0R6O 0F1B 1W1Z 5F6I 17PL	

MMM

RESOLUCIÓN

O 2/04/2018, polo Pleno municipal, aprobouse o proxecto de obra denominado "CUBRICIÓN PARQUE DAS BRAÑAS", redactado polo Arquitecto Manuel Carro López.

O expediente para a contratación da obra denominada CUBRICIÓN PARQUE DAS BRAÑAS, incluída no POS + 2018 iniciouse mediante orde da sr. Alcalde.

De acordo co disposto polo artigo 131 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE (en adiante, LCSP) a adjudicación realizarase empregando o procedemento aberto.

Vistos os informes que emitiu a secretaria xeral sobre os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación e sobre o expediente e a fiscalización deste pola Intervención Municipal.

Vistos os antecedentes que constan no expediente, o informe emitido polo xefe de servizo de economía e facenda e de acordo co disposto no artigo 117 LCSP

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o expediente para a contratación da obra denominada "CUBRICIÓN PARQUE DAS BRAÑAS", de acordo co artigo 117 LCSP. Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de cláusulas técnicas.

Segundo.- Considerando as razóns expostas na memoria xustificativa do contrato e, de acordo co establecido no artigo 146.1 en relación co 145 apartados 1 e 3 LCSP, establecer como procedemento de adjudicación o procedemento aberto co prezo como único criterio de adjudicación.

Terceiro.- Dispoñer a apertura do procedemento de adjudicación e, de acordo co disposto no artigo 63 LCSP, publicar no perfil de contratante aloxado na plataforma de contratación do sector público o anuncio da licitación, a memoria xustificativa do contrato que inclúe a xustificación do procedemento empregado para a adjudicación, o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexerán o contrato e a presente resolución de aprobación do expediente, así como o obxecto detallado do contrato, a súa duración e o presuposto base de licitación.

Cuarto.- Aprobar o correspondente gasto por importe de 93.201,40 € con cargo á partida 171-61900 do orzamento en vigor (RC220180008568).

Culleredo,
A concelleira delegada de Facenda,
Patrimonio e Contratación

Dou fe,
A secretaria xeral

P.D. (Resolución do 10.11.2017,
BOP núm. 218 do 16.11.2017)